

A tradicional exposición de agosto, que a Asociación Cedofeita organiza ano tras ano, chega á XIX edición co título

“ENFIANDO A AÇULLA: xastres e costureiras de Lérez”

Xaime Iglesias González



Non é a primeira vez que a Asociación Cedofeita presta atención a profesións que tiveron un papel salientable na economía e na sociedade da nosa contorna. Canteiros, carpinteiros, campesiños e mestres foron obxecto de exposicións en anos anteriores e, na presente ocasión, tocoulle a quenda a xastres e costureiras, así como a oficios relacionados, isto é, pantaloneiras, bordadoras, camiseiras, modistas e outras persoas que facían roupa de diverso tipo, zurcían, remendaban, amañaban pezas usadas e outros labores semellantes.

A exposición artellábase sobre tres liñas. A primeira mostraba traxes actuais e tradicionais, disfraces, roupa infantil, roupas de casa, bordados, etc. que poñían de mani-

festos o dominio do oficio que tiña, e se cadra aínda ten, a xente de Lérez dedicada a estas artes. Tamén se puideron ver útiles diversos, desde figurinos e revistas, ata ferros de pasar, dedais, tesoiras, agulleiros, máquinas de costura de diversas épocas.. e, como non, aparatos de radio, aparello imprescindible en calquera taller, a través da que se escoitaban, mentres se cosía, as radionovelas e os discos dedicados.

O segundo eixo da exposición daba información sobre a importancia económica das artes da agulla, a consideración social dos seus artifices, unhas pinceladas sobre a historia da máquina de costura e alusións a costureiras singulares (as Marías de Santiago, María Miramontes e María Carou), así como referencias á

pegada destes oficios na literatura popular, aínda que non faltaban textos de Rosalía e Cunqueiro.

Pero, se cadra, o aspecto que máis curiosidade suscitou entre o público foi o terceiro: preto de cen fotografías, de veciños e veciñas de Lérez que se adicaron a coser, entendendo este termo en sentido amplo.

Os xastres, tamén chamados alfaiates, facían prendas de home e, ás veces, de muller especialmente traxes. De Lérez saíron xastres cualificados como Quinito do Outeiro ou Louzán, que foi encargado dunha importante xastrería da capital. Outros chegaron a ter taller propio. Ese foi o caso, por exemplo, de Pepe



o Quinteiro, na rúa Real; Luís Barreiro, na Pedra Picada; e Pechecho, no Burgo onde, entre outras prendas, facía uniformes para orquestras como Florida e Poceiro.

As xastras realizaban semellantes labores que os xastres, pero normalmente, traballaban baixo a dirección destes, fieis á tradición que arrinca de tempos medievais. Non localizamos moitas en Lérez, pero as encontradas pódense asimilar a determinados paradigmas. Ó casar,

unhas abandonan o oficio como Lenuca e Fina; outras seguiron a traballar na casa facendo pantalóns, camisas, etc. como Mucha a Aragonesa. Tamén houbo quen continuou na arte, como Fina a de Consuelo, ou diversificou a súa actividade dentro da costura, como Fina Moldes.

Non é fácil diferenciar as modistas das costureiras. Adóitase dicir que as primeiras tiñan taller, onde cosían auxiliadas por aprendizas e oficiais. Instalábanse nas vilas e nas cidades e podían facer pezas femininas de certa categoría, como traxes de noiva e roupa de gala, ás veces de deseño propio. Actualmente algunhas modistas e modistos, ós que tamén podemos chamar costureiros, dedícanse a deseñar pezas de roupa cun estilo propio e novidoso para que outros as fagan. Pola súa banda, as costureiras cosían polas casas e tiñan que levar os utensilios de traballo, incluso, ás veces, a propia máquina de costura. O seu labor era repasar e remendar a roupa, repoñer botóns, darlle volta a puños

e colos das camisas, facer sabas, manteis, pezas femininas de uso ordinario e roupa interior de home.

Efectivamente, en Lérez houbo costureiras que andaban polas casas facendo traballos semellantes, como Pilar Reboreda, da Gándara, pero a realidade dinos que outras, que igualmente cosían polas casas, sabían facer patróns e interpretar os que se publicaban en revistas especializadas e confeccionar traxes de noiva, de primeira comuñón e todo tipo de vestidos de festa. Entre outras podemos citar a Viruca, de Couso, Maruja Gama, da Piolla, que coseu en recoñecidas casas de Pontevedra, ou Teresa Castro, da Gándara, que levaba a máquina de costura sobre a cabeza cando ía traballar. Ademais, espallados pola parroquia, daquela maioritariamente rural, houbo varios talleres de costura -de costureiras? ou de modistas?- Non temos unha estatística fiable deles pero, se cadra, Casal Novo, con cinco, foi o lugar onde houbo máis talleres,



seguido do Arco, con catro, e da Gándara e Pedra Picada, onde contamos dous. Tamén localizamos talleres na Fontaiña, no Castelo e no Cruceiro, pero é moi probable que houbese máis nestes e noutros lugares. Algúns deles tiveron aprendizas e oficiais, como os de Ida a Reiciña, do Arco, Josefa Costado, da Gándara, Laura a Amadora, do Cruceiro e Purita a Limonera de Casal Novo. Por todo iso, ás veces, é difícil saber se estamos diante dunha modista ou dunha costureira.



Malia o dito, algunhas costureiras de Lérez si que foron modistas destacadas. Só a título de exemplo citamos a Carmiña Rodríguez, a Carepas, que tivo un importante taller na rúa Michelena e en certa ocasión organizou un desfile de modelos no teatro Malvar; a Lolita Casalderrey en cuxo taller da rúa Real chegaron a traballar dez operarias, sendo un dos destacados da súa época. Pilar Dios, que aprendera o oficio coa súa nai, tivo un taller en Pontevedra cuxa especialidade eran os traxes de noiva. Amparo Poza trasladou o taller do Castelo, primeiro á Eiriña, despois á rúa Andrés Muruais, onde acadou gran renome en toda a cidade.

Durante o século XIX e boa parte do XX, moitas das mozas aprendían a coser, pois as mulleres non tiñan oportunidades para acceder a outras actividades laborais e, menos aínda, para cursar estudos medios nin superiores. Algunhas aprenderon a coser seguindo a tradición familiar como Maricarmen González Herranz ou Encarna a Limonera que aprenderon coas respectivas tías. Tamén houbo quen aprendeu soa como

Angelita a do Lameiro ou Merchi, de Casal Novo, aínda que esta só cosía para os da casa. Pero a maioría delas asistía a talleres como Maricarme Pereira ou Digna a Coita que aprenderon con Fita Costado e Generosa a Resteba que tiñan talleres na Gándara e O Arco, respectivamente. Outras, talvez a maioría, ían a Pontevedra. A Esther a Rouca ensinoulle Susi Leiro, a Carmucha a de Benigno, Dorper, a Aurita Fontán, Charo e así moitas máis.

En calquera caso, naquel contexto, saber coser supoñía varias vantaxes. Unha costureira na casa, aínda que non fose moi experta, podía atender as necesidades de roupas brancas e de vestir dos da casa, co que se evitaba pagar unha costureira allea, pois como di o refrán "Cose canto poidas e verás canto aforras". Se de por parte, facía prendas para fóra, entrarían un diñeiro que melloraría a estreita economía familiar. Así o recolle a seguinte cantiga popular.

A agullíña vai cosendo
bota por ela o dedal,
rematarei a costura
para gañar un real.

Naqueles tempos, as achegas económicas das costureiras foron decisivas en moitas casas onde os ingresos polo rendemento do campo eran escasos e os salarios, se os había, dos traballadores doutros sectores eran exiguos. Pero, se cadra, onde os ingresos das costureiras tiñan vital importancia era nas casas onde emigrara o cabeza de familia e non enviaba nada, por mala fortuna ou abandono, que de todo había.

As costureiras que ían polas casas cobraban por día ou por hora. Sempre cantidades modestas que se convertían en ínfimas se traballaba a mantido, que era o máis frecuente. Carecían de seguro de enfermidade e da posibilidade de paga de xubilación. Non eran mellores as condicións de traballo das operarias dos talleres. Non tiñan dereitos sociais e os salarios eran baixos, ó que se engadía o costume dalgunhas "mestras" de pagar aínda menos do acordado, coa desculpa de non ter diñeiro cambiado nese momento. En ambos casos, a xornada laboral podía ser de doce ou máis horas en momentos de apuro, como podían ser as datas previas a vodas e festas.



En Lérez, a dedicación á costura era parcial en moitos casos. Lola a do Outeiro, malia as indicacións da familia, non quixo abandonar o oficio e continuou cosendo na casa, cando os labores do fogar e as faenas do campo llo permitían. Situacións similares viviron Julia a de Beis, María de Casal Novo e outras lerezás. Igual que as xastras, moitas mozas só coseron ata casar, como Lola a Marocas e Terucha do Castelo, aínda que noutros casos continuaron cosendo para a familia, como Marina a Pecadora e Chicha a Pragma. Claro que tamén houbo quen se dedicou toda a vida á costura como Teresa Castro, da Gándara, e Celia a do Rapeiro, da Pedra Picada. É curioso o caso de Pili de Casaldarado (e de poucas costureiras máis) que despois de andar a coser polas casas, puxo en Casal Novo un taller que chegou a ter prestixio non só entre a xente da contorna senón que a el acudían distinguidas señoras de Pontevedra.

Os lerezáns e lerezás da costura, isto é, os que enfiaban a agulla para realizar o seu traballo, podían, segundo os casos, confeccionar distintos tipos de pezas de roupa.

Pero paga a pena destacar que algunhas fixeron sosténs (de traballosa realización), como Generosa a Resteba, outras guantes, como Digna a Ramonciña, non faltando as que cosían para o exército, incluso zapatillas, como Hermelinda a Pragma. Un caso singular foi o de Teresa Fragas que coseu para un taller ata que se decatou que lle era máis rendible mercar o tecido, facer a roupa, (saias, vestidos, mandís...) e vendelos directamente na feira. Tamén a represión que seguiu ó alzamento militar de 1936 afectou a costureiras, como a Chinita da Cendona que lle cortaron o pelo a rape por ser republicana.

Normalmente, as costureiras vestían con certa elegancia e pulcritude e, sendo maioritariamente fillas de labregos, tiñan mans de señoritas, como Pilar a Pecadora, de Casal Novo, que cosía en casas emblemáticas da vila e amosaba cortesía e distinción no seu porte, ou Hermelinda a Pragma, que se dedicou exclusivamente a coser e tiña taller na casa, onde había abundantes faenas agrícolas. Na literatura popular aparecen referencias a esa finura e estilo.

Tódalas costureiras
eu direi quen elas son;
apertadiñas da cintura
e grandes de corazón.

Efectivamente, a literatura popular danos unha visión tradicional das costureiras. Unhas veces infórmanos da súa autosatisfacción, así como de mostrar certa superioridade respecto das outras mozas que só se dedicaban ó traballo do campo, aínda que están agradecidas ós pais.

Fixo moi ben miña nai
en poñerme a costureira:
cando chove non me mollo,
cando vai sol non me queima.

Noutras cantigas aparecen tratadas de xeito irónico, cando non agre e mordaz, que no fondo amosan certa envexa.

Costureira melindrosa
di que non come touciño
e comeu o porco enteiro
desde o rabo até o fuciño.

Costureiriña bonita
¿ti que fas polo verán?
Eu sachando no millo
e ti coa agulla na man.

Costureira, costureira
te-las pernas esfoladas
de subir polas paredes
e baixar polas ventanas.

Por iso, as costureiras, sabedoras das linguas murmuradoras, tratan de defenderse.

A quen diga mal de min
ou da miña compañeira
heille de pica-la lingua
coa punta da tixeira.


Pero o cancionero tamén as defende, contemplándoas dun xeito amable ou destacando as súas calidades como que son fermosas, faladoras e transmisoras de cultura.

As costureiras bonitas
foron feitas ó cicel;
son amiguiñas dos mozos
coma as abellas do mel.

Todas as costureiriñas
son amigas da conversa
o que con elas parola
non che pode levar presa.

O cantar da costureira
éche un cantar moi baixiño
que non pode cantar alto
porque canta de seguido.

A xeneralización de roupa confeccionada por tallas provocou a crise do sector da costura tradicional, o que forzou a reconversión da maioría de traballadores e traballadoras. Nuns casos emigraron a América, como Ida a do Arco, que embarcou para



Venezuela e Benito de Casal Novo para Uruguai, o mesmo que a súa cuñada, Lola a Limonera, non faltando os/as que emigraron a Europa, como Carne a Chapela. Noutros, incorporáronse a traballar en talleres de confección industrial, como Paco o Trubio, ou remataron dedicándose a outras profesións como Tino Vieitez ou Chola a Raxada.

Tamén, podemos citar o caso de Baldomar que, xunto con outros compañeiros, artellaron o seu propio taller de confección en serie. Nos últimos anos, se cadra relacionado coa crise económico-financieira e de modelo social, parece que se nota certa recuperación da costura tradicional, pero, de callar, nunca volverá ser como antes.

